

PROPIEDAD INTELECTUAL



AS CREAÇÕES ARTÍSTICAS ESTÁN PROTEXIDAS POR UNS DEREITOS ESPECIAIS DENOMINADOS DEREITOS DE AUTOR. CALES SON OS RETOS DA TECNOLOXÍA DIXITAL PARA A PROTECCIÓN DESTE DEREITO?

CREAÇÕES ARTÍSTICAS



Todas as artes son formas de expresión creativa. As persoas poden expresar a súa creatividade:


- visualmente
- mediante sons
- mediante a escritura
- mediante o movemento
- en tres dimensións
- vía multimedia

As expresións artísticas denomínanse **obras**

CONDICIÓNS DO DEREITO DE AUTOR

A **orixinalidade** é a condición que debe cumprir unha obra para estar protexida polo dereito de autor.


O **dono** do dereito de autor é o **creador da obra**.



O **símbolo ©** úsase para indicar que unha obra está protexida polo dereito de autor.

Os dereitos específicos concedidos aos autores, como por exemplo a duración, **dependen das leis de cada país**.

INFRACCIÓNS DO DEREITO DE AUTOR



Cométese unha infracción cando unha obra protexida polo dereito de autor é utilizada (**reproducida,**

traducida, adaptada, exhibida, interpretada, distribuída, emitida o comunicada ao público) sen o permiso dos titulares dos dereitos.

Plaxio é o acto de copiar unha obra, enteira ou parcialmente, pretendendo ser o seu autor orixinal.

Piratería é a venda ilegal e intencionada de obras protexidas polo dereito de autor.

DEREITOS DE AUTOR

A propiedade intelectual refírese a todas as creacións da mente humana.

O **dereito de autor**:


- protexe obras orixinais

Os **dereitos conexos**:

- protexen as interpretacións, as grabacións orixinais e a radiodifusión das obras

A **propiedade intelectual**:

- As patentes protexen as invencións.
- Os deseños industriais protexen os deseños de produtos.
- As marcas comerciais protexen os signos distintivos.



DISTINTOS TIPOS DE LICENCIAS

- **Copyright**: "Todos os dereitos reservados". Este dereito é automático e prodúcese no mesmo momento da creación sen necesidade de rexistro algún.
- **Copyleft**: Permite certos usos da obra sen necesidade de pedir permisos.
- **Creative Commons**: Permite usos que van desde o simple requisito de citar ao autor (obrigatorio en todas as licencias) ata a posibilidade de modificar a obra e reutilizala nun contexto comercial. Estas licencias son moi apropiadas para o seu uso nun contexto educativo, dada a súa simplicidade e flexibilidade.
- **Dominio público**: As obras pasan ao dominio público cando cesan os dereitos de explotación. Igualmente debemos seguir respectando a autoría e a integridade da obra.

